

Avaliación das comunicacíons das XVIII Xornadas Galegas de Medicina Familiar e Comunitaria (Ferrol 2013)

Salvador Pita Fernández, María Carmen Castiñeira Pérez, María Victoria Martín Miguel, Santiago Pérez Cachafeiro, Eva Regueira Pan, María José Bartolomé Domínguez, Pilar Gayoso Díz, Paloma Puime Montero, María Antonia Trueba Moreno

Comité Científico XVIII Xornadas Galegas de Medicina Familiar e Comunitaria

Cad Aten Primaria
Ano 2013
Volume 19
Páx. 257-259

Nas XVIII Xornadas Galegas de Medicina Familiar e Comunitaria que tiveron lugar en Ferrol o 22 e 23 de novembro de 2013 presentáronse 95 comunicacíons. A evolución do número de comunicacíons ao longo dos anos, desde que se iniciaron as xornadas e congresos da AGAMFEC na nosa Comunidade Autónoma, mostra unha clara tendencia crecente, como se pode obxectivar na Figura 1. O ano con maior número de traballos foi o 2012 (Santiago), no que se presentaron 125 comunicacíons. Nos anos 1984, 1992 e 2005, coincidindo cos congresos nacionais da SEMFYC, presentáronse 2 comunicacíons de Galicia no Congreso Nacional en Santiago (1984), 53 no Congreso Nacional en A Coruña (1992) e 53 no Congreso Nacional en Santiago (2005).

Durante o período 1996-2003, as reunións das xornadas anuais desenvolvéronse conxuntamente cos médicos de familia de Portugal.

A distribución de comunicacíons por provincia de orixe dos autores móstrase na Figura 2, onde se obxectiva que as provincias con maior participación foron A Coruña (55), seguida de Pontevedra (33) e Ourense (6). Lugo, este ano, non aporta comunicacíons. A evolución do número de comunicacíons segundo o ano e a provincia amósanse na Táboa 1 e na Figura 3.

Hai que ter en conta que dende o ano 2008, co obxectivo de incrementar o número de participantes e facilitar que se podan achegar as maiores contribucións ao coñecemento da nosa especialidade, ademais das comunicacíons científicas, as experiencias e os proxectos de investigación, admitíronse nestas xornadas galegas casos clínicos. No ano 2008, na reunión de Vigo presentáronse 7 casos clínicos. En Ferrol, no ano 2013, presentáronse 67 casos clínicos, o que representa o 70,5% de todas as comunicacíons presentadas este ano. A distribución dos tipos de traballos segundo a provincia dos autores amósase na Táboa 3. Os casos clínicos foron achegados fundamentalmente pola provincia de A Coruña ($n=37$), seguida de Pontevedra ($n=26$). As comunicacíons científicas proveñen sobre todo de A Coruña ($n=16$), seguido tamén de Pontevedra ($n=3$). Os 4 traballos que se presentan como experiencia proceden de A Coruña e de Pontevedra.

En xeral o Comité Científico respecta a petición dos coautores en canto ao tipo de presentación en forma oral ou de panel, só se realizan cambios en relación co espazo dispoñible. Tras decidir que todos os proxectos de investigación e casos clínicos se presentasen como panel, a distribución final quedou como se amosa na Táboa 4. Na devandita táboa pódese obxectivar que se presentaron en forma oral o 8,4% dos traballos.

Cada comunicación foi avaliada por cada un dos 9 membros do Comité Científico, segundo unha metodoloxía previamente establecida, onde se tiña

en consideración nas comunicacíons científicas a orixinalidade, o interese e a metodoloxía. Nos proxectos de investigación, ademais das mesmas epígrafes previamente mencionadas, considerábbase á súa vez se o proxecto era ou non multicéntrico, e se estaba financiado ou non. Nas experiencias avaliábase a orixinalidade, o interese, a claridade de explicación, as conclusíons e a aplicabilidade a outros centros. Nos casos clínicos valorouse o interese para a Atención Primaria nunha escala numérica de 0 a 3. Tras a valoración das 95 comunicacíons, foron aceptadas todas as comunicacíons tras ser revisadas polos autores tres traballos por defectos formais na presentación.

Esta reunión pon de manifesto que:

- O número de comunicacíons se mantén, fundamentalmente a expensas dos casos clínicos, que cada ano son más frecuentes e que este ano representan o 70,5% de todos os traballos remitidos.
- O número de comunicacíons científicas diminuí respecto de anos previos.
- A provincia de A Coruña é a que máis comunicacíons achegou a esta reunión (57,9%).




FIGURA 1. Evolución do número de traballos presentados nas reunións anuais da AGAMFEC. Período 1984-2013.




FIGURA 2. Número de comunicacóns presentadas segundo a provincia de orixe dos autores ás XVIII Xornadas Galegas de Medicina Familiar e Comunitaria (Ferrol 2013).

Xornadas Galegas MFeC	2008	2009	2010	2011	2012	2013
	Vigo	Ourense	A Coruña	Lugo	Santiago	Ferrol
A Coruña	41	32	72	52	70	55
Lugo	1	8	2	5	6	0
Ourense	17	27	17	13	6	6
Pontevedra	53	21	13	10	40	33
Outras	5	1	2	1	3	1
Total	117	89	106	81	125	95

TÁBOA 1. Distribución de comunicacóns por provincia nas seis últimas Xornadas Galegas de Medicina Familiar e Comunitaria. Período 2008-2013.




FIGURA 3. Evolución do número de comunicacón, según provincia, nas Xornadas Galegas de Medicina Familiar e Comunitaria. Período 2008-2013.

Xornadas Galegas MFeC	2008	2009	2010	2011	2012	2013
	Vigo	Ourense	A Coruña	Lugo	Santiago	Ferrol
C. Científicas	76	47	56	19	14	21
C. Experiencias	16	11	6	1	3	4
Proxectos investigación	18	8	6	4	9	3
Casos clínicos	7	23	38	57	99	67
Total	117	89	106	81	125	95

TÁBOA 2. Distribución dos tipos de traballos presentados nas últimas Xornadas Galegas de Medicina Familiar e Comunitaria. Período 2008-2013.




FIGURA 4. Evolución dos tipos de trabalho presentados nas Xornadas Galegas de Medicina Familiar e Comunitaria. Período 2008-2013.

	A Coruña	Ourense	Pontevedra	Outras (Sevilla)	Total
	n (%)	n (%)	n (%)	n (%)	n (%)
Casos clínicos	37 (55,2)	4 (6,0)	26 (38,8)		67 (100,0)
Proxectos investigación	0 (0,0)	0 (0,0)	2 (66,7)	1 (33,3%)	3 (100,0)
Comunicacóns científicas	16 (76,2)	2 (9,5)	3 (14,3)	0 (0,0)	21 (100,0)
Experiencias	2 (50,0)	0 (0,0)	2 (50,0)	0 (0,0)	4 (100,0)
Total	55 (57,9)	6 (6,3)	33 (34,7)	1(1,1)	95 (100,0)

TÁBOA 3. Distribución dos tipos de traballos, segundo a provincia, presentados nas XVIII Xornadas Galegas de Medicina Familiar e Comunitaria (Ferrol, 2013).

	Modo de presentación		
	Oral	Panel	Total
Provincia	n (%)	n (%)	n (%)
A Coruña	6 (10,9)	49 (89,1)	55 (100,0)
Ourense	0 (0,0)	6 (100,0)	6 (100,0)
Pontevedra	2 (6,10)	31 (93,9)	33 (100,0)
Outras (Sevilla)	0 (0,0)	1 (100,0)	1 (100,0)
Total	8 (8,4)	87 (91,6)	95 (100,0)

TÁBOA 4. Distribución dos tipos de traballos, segundo a provincia e modo de presentación. XVIII Xornadas Galegas de Medicina Familiar e Comunitaria (Ferrol 2013).